



Datos Do Expediente:

ESTADO DA DÉBEDA	
Unidade Tramitadora:	
Xestión de Tesourería Pagamentos e Cobros – MRN	
Número expediente:	Documento:
TES/2024/195	TES18I02G3
6D10 2T13 0I4H 6949 0JQ4	

INFORME DE TESOURERIA

PRECIO MÁXIMO DO TIPO DE XUROS AXUSTADO AO PRINCIPIO DE PRUDENCIA FINANCIERA DA LICITACIÓN DO PRÉSTAMO DE INVESTIMENTOS POR IMPORTE DE 1.009.136,08.-€

En virtude do previsto na Resolución de 4 de xullo de 2017, da Secretaría General del Tesoro y Política Financiera, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das comunidades autónomas e entidades locais (BOE 06-07-2017), as operacións de endebedamento que concerten as Entidades Locais están sometidas aos termos e condicións impostos no seu articulado e nas Modificacións do seu Anexo I (en orde ao cumprimento da condición de coste máximo da operación de financiación no momento de apertura do proceso de licitación no caso de concursos públicos)

A estos efectos, e en relación co Expediente de licitación de referencia, esta Tesourería Municipal informa sobre os termos e variables aos que deben someterse as ofertas presentadas polas Entidades bancarias participantes no proceso, cuxo cumprimento determinará a súa consideración ou non dentro do procedemento de licitación.

A lexislación aplicable é a seguinte:

- Artigos 51 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Resolución de 4 de xullo de 2017, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financiera, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das comunidades autónomas e entidades locais.
- Artigo 17 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de suministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financiera.

PRIMEIRO. A vista do ordenado no artigo 48 bis do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, todas as operacións financeiras que suscriban as Entidades Locais están suxeitas ao principio de prudencia financeira.

E por elo que no artigo terceiro da Resolución de 4 de xullo de 2017, da Secretaria General del Tesoro y Política Financiera, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das entidades locais dispónse que o coste total máximo das operacións de endebedamento, incluíndo comisións e outros gastos (salvo as comisións citadas no Anexo 3 da Resolución), non poderá superar o coste de financiación do Estado ao prazo medio da operación, incrementado nos diferenciais máximos que serán:

- Para Operacións non instrumentadas en valores cuxos vencementos quedan cubertos polo Fondo de Financiación a Entidades Locais (Fondo de Ordenación ou Fondo de Impulso Económico): 20 puntos básicos ou 0,20%.



- Para Operacións non instrumentadas en valores cuxos vencementos non quedan cubertos polo Fondo de Financiación a Entidades Locais; e que ademais, cumpren as condicións de elegibilidade ao Fondo de Impulso Económico, tanto a corto como a longo prazo: 50 puntos básicos ou 0,50%.
- Que non cumpran as condicións de elegibilidade ao Fondo de Impulso Económico, tanto a corto como a longo prazo: 75 puntos básicos ou 0,75%.

No caso de operacións de endebedamento cunha vida media superior aos dez anos, estos diferenciales máximos se poderán incrementar en 1 punto básico (0,01%) por ano adicional, ata un máximo de 15 puntos básicos adicionais (0,15%).

SEGUNDO. Vista a necesidade de coñecer si esta entidade atópase no ámbito de aplicación do Real Decreto-lei 17/2014, de 26 de decembro, e consultada a aplicación habilitada na Oficina Virtual para la Coordinación Financiera con las Entidades Locales para solicitar a adhesión ao compartimento Fondo de Impulso Económico compróbase que no día da data **NON se atopa incluída dentro do ámbito subxetivo desta aplicación**, ao non cumprir con todas as condicións que se recollen no artigo 50 do citado Real Decreto-lei 17/2014, de 26 de decembro.

TERCEIRO. O Coste Total Máximo (CTM) da operación de endebedamento, incluíndo as comisións e outros gastos, non poderá superar o coste de financiación do Estado (CFE) que conste no Anexo publicado mensualmente mediante Resolución por parte da Secretaría General del Tesoro e Política Financiera, ao prazo medio da operación, incrementado en 75 puntos básicos.

CUARTO. En base aos cálculos efectuados, e dacordo co principio de prudencia financeira segundo a operación que se pretende concertar, se determina que as condicións que debe cumprir a operación a longo prazo en resumen son:

Resolución alcaldía aprobación operación endebedamento e inicio do expediente de contratación da operación de endebedamento a longo prazo	17.06.2024
Data de apertura do proceso de licitación. Anuncio no Perfil do Contratante	17.06.2024
Capital solicitado	1.009.136,08 €
Prazo de carencia (capital)	1 ano (4 vencementos trimestrais)
Prazo de amortización	10 anos (40 vencementos trimestrais)
Método de amortización	Sistema lineal de amortización
Liquidación de xuros e amortización	Trimestral pospagable
Data Anexo I actualizado aplicable á oferta	Resolución 7 de xuño 2024 (BOE 11-06-2024)
Data Anexo II actualizado aplicable á oferta	Resolución 4 de xullo 2017 (BOE 06-07-2017)
Vida media da operación	6,125 anos = 73,5 meses
Tipo fixo anual en base Actual/Actual (Anexo I)	(1) 22,8 pb (0,228 %)
Diferencial máximo sobre Coste Financiación Do Estado, Ent. Local NON/SI cumpre condicións de elegibilidade ao Fondo de Impulso Autonómico (ANEXI III)	(2) 75 pb (0,75%)
COSTE TOTAL MÁXIMO DA OPERACIÓN (1+2)	Euribor 3 meses + 0,978%

NOTA INFORMATIVA: O Euríbor a 3 meses (tipo de interés de referencia) a data 14.06.2024 segundo web do Banco de España é 3,715 %.